

Tema 1. O Renacemento en Italia. Arquitectura

Especifíquense as características da arquitectura renacentista italiana e explica a su evolución, desde o Quattrocento ao Manierismo. Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Alberti, Brunelleschi, Bramante, Miguel Anxo, Vignola e Palladio.

Introdución

A arquitectura renacentista italiana, que se desenvolveu entre os séculos XV e XVI, marcou un punto de inflexión na historia da arte occidental. Na súa busca da **harmonía, proporción e racionalidade**, esta corrente artística evolucionou desde o Quattrocento até o Manierismo, pasando polo Cinquecento.

Características da arquitectura renacentista italiana

1. Recuperación dos **elementos construtivos clásicos**:
 1. Columnas, pilastras, frisos, arquitrabes, frontóns, tímpanos, arcos de medio punto, bóvedas e capiteis corintios romanos.
 2. Emprego de bóvedas de canón, cubertas planas con casetóns e cúpulas semiesféricas.
 3. Decoración con temas mitolóxicos e motivos da antigüidade.
2. Busca da **harmonía e proporción** entre as diferentes partes do edificio.
 1. Importancia da perspectiva e das proporcións modulares (Brunelleschi: perspectiva matemática).
 2. Espazos racionais e unitarios, con elementos que se relacionan entre si.
3. Uso de **plantas de cruz latina ou grega**.
4. Emprego de **cúpulas** sobre tambor como elemento destacado.
5. Utilización de módulos e fórmulas xeométricas nas fachadas.
 1. Gradación de texturas, do rústico ao refinado. Uso do almofadado.
6. Aparición de **novos tipos de edificios**:
 1. Desenvolvemento do palacio urbano renacentista, como o Palacio Medici-Riccardi.
 2. Recuperación da planta basilical paleocristiana nas igrexas, como San Lorenzo de Florencia.

Evolución da arquitectura renacentista

Quattrocento (século XV)

O Quattrocento foi unha etapa de investigación e desenvolvemento das formas renacentistas, con **Florencia** como núcleo creativo principal.

Filippo Brunelleschi (1377-1446)

Considerado o pai da arquitectura renacentista florentina.

Cúpula do Duomo de Florencia:

- Introduciu innovacións revolucionarias, que lle permitiron construír a cúpula máis grande do mundo en mampostería, cunha altura de 116 metros e un diámetro interior de 45,5 metros, sen utilizar apoios externos. A súa obra marcou o inicio do Renacemento na arquitectura e segue sendo un fito da enxeñería e o deseño arquitectónico.
- **Deseño estrutural:**
 - **Cúpula de dobre casca:** Deseñou unha cúpula composta por dúas capas, unha interior e outra exterior, separadas por un espazo baleiro. Isto permitiu reducir o peso e mellorar a estabilidade da estrutura.
 - **Sistema de nervios:** A cúpula está reforzada por oito nervios principais e dous nervios intermedios en cada lado, que converxen no anel superior.
 - **Forma octogonal:** A base da cúpula ten forma octogonal, o que lle confire maior estabilidade.
- **Técnicas construtivas:**
 - **Construción sen cimbra** (estadas), considerado algo imposible até o momento.
- **Innovacións técnicas:**
 - **Sistema de cadeas internas:** Incorporou un sistema de cadeas internas que rodean a cúpula exterior, similar aos aros metálicos dun barril, para distribuír o peso de forma eficaz.
 - **Maquinaria especializada**, como o guindastre.

Outras obras: Pórtico do Spedale degli Innocenti (1419) e a Sacristía Vella da Basílica de San Lorenzo (1428).

Leon Battista Alberti (1404-1472)

- Introduciu innovacións como o uso da perspectiva e a integración de elementos clásicos.
- Obras destacadas:
 - Fachada de Santa Maria Novella en Florencia (1456), Templo Malatestiano en Rímini e a Igrexa de Santo André en Mantua (1472).

Cinquecento (primeiras décadas do século XVI)

O Cinquecento representa a **madurez do sistema** desenvolvido durante o século anterior, con **Roma** como centro principal. O estilo renacentista está consolidado, con gran perfección técnica.

- Maior preocupación pola grandiosidade das construcións.
- Busca equiparar os novos edificios coas construcións da Roma imperial.

Donato Bramante (1444-1514)

- Deseñou o Templete de San Pedro, un templo circular en Roma inspirado na arquitectura clásica.
- Iniciou o proxecto da nova Basílica de San Pedro en Roma.

Miguel Anxo Buonarroti (1475-1564)

- Aínda que se consideraba principalmente escultor, destacou tamén como arquitecto.
- Obras destacadas: Biblioteca Laurenciana en Florencia, Praza do Capitolio en Roma e a continuación da Basílica de San Pedro, onde deseñou a cúpula.

Manierismo (mediados do século XVI)

O Manierismo caracterizouse pola **ruptura do equilibrio classicista** e a busca de **novas formas de expresión**. O termo procede da palabra italiana "*maniera*", que significa "maneira" ou "estilo", tendo orixinalmente unhas connotacións positivas, xa que falaba da habilidade natural e refinamento na execución artística.

Na actualidade o termo Manierismo pasou de describir un estilo persoal refinado a designar todo un período e movemento artístico que se desenvolveu entre o Alto Renacemento e o Barroco.

Caracterízase por:

1. **Ruptura do equilibrio clásico:** Búscase o contraste entre norma e transgresión, natureza e artificio.
2. **Deformación dos elementos arquitectónicos:**
 - Ménsulas de gran tamaño que soportan elementos lixeiros.
 - Columnas extraordinariamente retorcidas.
 - Interrupción caprichosa de arquerías.
3. **Xogo coas proporcións e uso innovador dos materiais:** Emprego de pedra rústica sen traballar.
4. Creación de **espazos dinámicos**.
5. Aparición da **fachada coma pano** (non amosa o que ocorre no interior do edificio).
6. Utilización do **ilusionismo arquitectónico**: Uso de perspectivas pintadas para crear a ilusión de espazos máis amplos.

Xacobe Barozzi da Vignola (1507-1573)

- Coñecido polo seu tratado sobre as cinco ordes da arquitectura.

- Obras destacadas:
 - Villa Farnese en Caprarola..
 - Igrexa de Il Gesù en Roma, que influíu na arquitectura eclesiástica posterior.

Andrea Palladio (1508-1580)

- Desenvolveu un estilo propio baseado na harmonía e a simetría.
- Obras destacadas:
 - Basílica Palladiana en Vicenza.
 - Villa Rotonda, preto de Vicenza.
 - Igrexas de San Giorgio Maggiore e Il Redentore en Venecia.

A arquitectura renacentista italiana evolucionou desde a recuperación dos ideais clásicos no Quattrocento, pasando pola súa madurez no Cinquecento, até chegar ás innovacións e experimentacións do Manierismo. Esta progresión reflicte non só os cambios estéticos, senón tamén as transformacións sociais e culturais da Italia renacentista.

Diferenzas Quattrocento e Cinquecento

As principais diferenzas entre a arquitectura renacentista do Quattrocento e a do Cinquecento son:

Localización e mecenado

- **Quattrocento:** O centro artístico principal era Florencia, con mecenado de familias poderosas como os Medici.
- **Cinquecento:** Roma converteuse no núcleo central, co patrocinio dos Papas.

Enfoque e estilo

- **Quattrocento:**
 - Etapa de investigación e desenvolvemento das formas renacentistas.
 - Maior experimentación e innovación, como a introdución da perspectiva lineal.
 - Preocupación por resolver problemas espaciais e estruturais.
- **Cinquecento:**
 - Representa a madurez do sistema desenvolvido no século anterior.
 - Maior preocupación pola grandiosidade das construcións.
 - Busca equiparar os novos edificios coas construcións da Roma imperial.

Características técnicas

- **Quattrocento:**

- Uso de módulos construtivos para lograr proporcións perfectas.
- Recuperación inicial do vocabulario arquitectónico grecorromano.
- **Cinquecento:**
 - Perfeccionamento das innovacións do Quattrocento.

Autores destacados

- **Quattrocento:** Brunelleschi e Alberti.
- **Cinquecento:** Bramante, Miguel Ángel e Rafael.

Novidades do Manierismo

Características formais

- **Ruptura do equilibrio clásico:** Búscase o contraste entre norma e transgresión, natureza e artificio.
- **Deformación dos elementos arquitectónicos.**

Concepción espacial

- **Disolución da estrutura espacial renacentista:** Desintegración da escena en series de ámbitos espaciais organizados de modo diverso.
- **Creación de espazos dinámicos:** Tendencia a forzar o movemento a través do espazo, como na Biblioteca Laurenciana de Miguel Anxo.

Relación interior-exterior

- **Fachada como pano:** A fachada non expresa necesariamente o que ocorre no interior do edificio.
- **Ilusionismo arquitectónico:** Uso de perspectivas pintadas para crear a ilusión de espazos máis amplos, como na Sala delle Prospettive de Peruzzi.

Elementos decorativos

- **Profusión ornamental:** Maior abundancia de pilastras e columnas, sen unha clara separación ou ordenación en planos.
- **Alfomadoado exaxerado.**

Concepto arquitectónico

- **Artificialidade:** Búscase un sistema extremadamente artificial, onde as reaccións naturais non xogan ningún papel.
- **Expresividade:** Énfase na expresión emocional e dramática, afastándose da harmonía renacentista.

Estas innovacións reflicten unha reacción contra o ideal de beleza clasicista, buscando unha maior complexidade tanto formal como conceptual na arquitectura.